

SEGURIDADE

AREA DE GOBERNO DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPALCONCELLO
DE VIGO

BANDO

Ven sendo habitual durante o Nadal a celebración de festas de Fin de Ano e Reis en locais de ocio.

Consonte a normativa vixente, integrada pola Lei 10/2017 de 27 de decembro de Galicia sobre espectáculos e actividades recreativas; a Lei 9/2013 de Galicia do emprendemento e a competitividade; o R.D. 524/2023 de 20 de xuño de marzo polo que se aproba a norma básica de autoprotección de centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia; o Decreto 172/2022 de 06 de outubro de Galicia sobre plans de autoprotección; e o Decreto 124/2019 de 05 de setembro de Galicia polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público, ningún local pode ofrecer espectáculos ou actividades recreativas sen estar provisto do preceptivo título habilitante (licenza de actividade/apertura/comunicación previa).

Asemade, ningún local pode ofrecer espectáculos ou actividades recreativas distintos dos que figuren autorizados no correspondente título habilitante.

Non obstante, e sempre que se respecten as condicións esenciais daquel, o Concello de Vigo pode con carácter extraordinario autorizar ou ter por realizada a comunicación responsable para a celebración doutros espectáculos ou actividades segundo proceda legalmente en cada caso.

As solicitudes de autorización para a celebración de espectáculos ou actividades recreativas extraordinarias están suxeitas ao procedemento establecido no artigo 42 quarter da Lei 9/2013 de Galicia do emprendemento e a competitividade, debendo presentarse cun mínimo de 30 días de antelación respecto da celebración do evento previsto.

O prazo para ditar resolución é dun mes a contar desde a data de presentación da solicitude coa respectiva documentación ante o concello. O silencio administrativo implica que o interesado poderá entender estimada a súa solicitude.

O pleno respecto ás citadas normas é condición indispensable para o mantemento da seguridade e a orde no normal desenvolvemento das correspondentes actividades.

O que se publica para xeral coñecemento e cumprimento na confianza da súa debida observancia.

AVM/jca

O XEFE DE ÁREA DE SEGURIDADE E MOBILIDADE
Antonio Vivero Mijares
O ALCALDE

Abel R. Caballero Álvarez
(Vigo, na data da sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/12/2024 12:51	Páxina 1 de 1
240389998	CSV: A1ADC8-4DA44C-DFB3EE-FVRF3S-9KYJCF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		